

Visto que, por acordo do Pleno deste Concello, delegouse a competencia para a fixación das tarifas dos prezos públicos na Xunta de Goberno Local, e tendo en conta o dictámen favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Economía, Facenda e Patrimonio.

Vista a proposta de tarifas efectuada pola Oficina Municipal de Información de Mocidade e Consumo, así como o informe favorable da Intervención municipal;

De conformidade coa normativa aplicable contida nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e 24 e seguintes da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos;

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de organización, o orzamento e as bases da actividade denominada "Programa deportivo verán 2008", coas seguintes actividades:

1. Escolas Deportivas de Verán.

- a). Duración: Prolongarase desde o día 25 de Xuño ao día 29 de Agosto do presente ano.
- b). Prazas dispoñibles: 175 (con grupos mixtos os luns, mércores e venres de 10.30 a 13.30 horas e con grupos de fútbol sala os martes e xoves de 10.00 a 14.00 horas).
- c). Persoal adscrito: 6 monitores.
- d). Idades: de 4 a 15 anos cumpridos.

2. Carreira Popular Escolar.

- a). Duración: día 27 de Xuño do 2.008.
- b). Prazas dispoñibles: ilimitadas.
- c). Persoal adscrito: 6 monitores, 6 protección civil, 2 cruz vermella, 2 policía local.
- d). Idades: Sen límite de idade.

3. Basket and English.

- a). Duración: Prolongarase desde o día 1 de Xullo ao día 17 de Xullo do presente ano.
- b). Prazas dispoñibles: 32 (distribuídas en dous grupos de 16).
- c). Persoal adscrito: 1 monitor.
- d). Idades: Primaria e Secundaria.

4. Excursión Aquapark de Cerceda.

- a). Duración: día 17 de Xullo do 2.008.
- b). Prazas dispoñibles: 46.
- c). Persoal adscrito: 4 monitores.
- d). Idades: de 7 a 14 anos cumpridos.

5. Campamento Xogocoruña.

- a). Duración: Prolongarase desde o día 22 de Xullo ao día 24 de Xullo do presente ano.
- b). Prazas dispoñibles: 30 nenos.
- c). Persoal adscrito: 3 monitores.
- d). Idades: de 9 a 14 anos cumpridos.

6. Excursión Bracalandia.

- a). Duración: día 5 de Agosto do 2.008.
- b). Prazas dispoñibles: 46.
- c). Persoal adscrito: 4 monitores.
- d). Idades: de 7 a 14 anos cumpridos.

7. Semana do Deporte na Rúa.

- a). Duración: Prolongarase desde o día 11 de Agosto ao día 15 de Agosto do presente ano.
- b). Prazas dispoñibles: ilimitadas.
- c). Persoal adscrito: 4 monitores (un para cada especialidade ou modalidade deportiva).
- d). Idades: Sen límite de idade.

8. Campamento Ludomadrid.

- a). Duración: Prolongarase desde o día 19 de Agosto ao día 21 de Agosto do presente ano.
- b). Prazas dispoñibles: 30.
- c). Persoal adscrito: 3 monitores.
- d). Idades: de 9 a 14 anos cumpridos.

BASES ORGANIZATIVAS COMÚNS A TODAS AS ACTIVIDADES:

- a). Duración e horarios: As actividades poderán ser cambiadas de datas e horas por necesidades da organización, previa comunicación aos participantes xa inscritos.
- b). Inscripción: Inscripción dos participantes por rigorosa orde temporal de presentación das solicitudes, con preferencia para os nenos que soliciten a inscrición durante toda a duración do servizo.
- c). Requisitos de inscrición: Haberá de facerse constar o nome, apelidos, N.I.F. e teléfono de contacto do pai, titor, guardador ou representante legal do menor de idade, así como do menor de idade que gozará do servizo, achegando xustificante de pago da inscrición.
- d). Persoal adscrito: poderá variar en función das necesidades e número de nenos inscrito.
- e). Renuncia de prazas: no suposto de renuncia unha vez iniciada a prestación do servizo, porase en coñecemento este feito por teléfono ao seguinte solicitante en lista, segundo orde temporal de prestación de solicitudes, para exercer o seu dereito a reserva de praza se o estima oportuno, e así sucesivamente até cubrir a totalidade das prazas vacantes.

SEGUNDO.- Acordar a fixación das seguintes condicións económicas para a prestación do servizo:

1. Escolas Deportivas de Verán.

Aquelas taxas establecidas na Ordenanza Fiscal pola que se regula a Taxa pola Prestación de Servizos en Instalacións Deportivas de titularidade municipal.

2. Carreira Popular Escolar.

Actividade gratuíta de carácter popular e libre participación.

3. Basket and English. Tarifas:

- Inscripción para abonados da Piscina Climatizada Municipal: 25,00 euros.
- Inscripción para non abonados da Piscina Climatizada Municipal: 30,00 euros.

4. Excursión Aquapark de Cerceda.

- Inscripción para abonados da Piscina Climatizada Municipal: 12,00 euros.
- Inscripción para non abonados da Piscina Climatizada Municipal: 15,00 euros.

5. Campamento Xogocoruña.

- Inscripción para abonados da Piscina Climatizada Municipal: 60,00 euros.
- Inscripción para non abonados da Piscina Climatizada Municipal: 66,00 euros.

6. Excursión Bracalandia.

- Inscripción para abonados da Piscina Climatizada Municipal: 12,00 euros.
- Inscripción para non abonados da Piscina Climatizada Municipal: 15,00 euros.

7. Semana do Deporte na Rúa.

Actividade gratuíta de carácter popular e libre participación.

8. Campamento Ludomadrid.

- Inscripción para abonados da Piscina Climatizada Municipal: 75,00 euros.
- Inscripción para non abonados da Piscina Climatizada Municipal: 82,00 euros.

CONDICIÓNNS ECONÓMICAS COMÚNS A TODAS AS ACTIVIDADES:

a). Obrigados ao pago: Pais, titores, guardadores ou representantes legais do menor de idade, presumíndose para todos os efectos que reúnen esta condición quen solicitan a prestación do servizo.

b). Momento do pago:

- Esixirase a anticipación ou depósito previo da totalidade do importe en concepto de reserva de praza e, como máximo, no momento de iniciarse a prestación do servizo.
- Queda prohibida a iniciación da prestación do servizo sen haberse abonado as tarifas correspondentes.

c). Medio de pago: haberá de realizarse en efectivo nas dependencias da Piscina Climatizada Municipal.

d). Devolución:

- Procederá cando o servizo ou actividade non se preste por causa non imputable ao obrigado ao pago, podendo deducirse a contía proporcional ao tempo de prestación efectiva do servizo.
- En caso de renuncia do inscrito posterior á iniciación do servizo, non se devolverán aquelas cantidades que non poidan ser cubertas mediante o pago da tarifa derivada do aproveitamento da praza vacante por un novo usuario.

TERCEIRO.- Ordenar a realización de todas as actuacións que resulten necesarias para o financiamento dos gastos de organización e para dar efectividade ás previsións de ingresos, asumindo este Concello a parte dos gastos non cuberta, de conformidade co orzamento elaborado, até o límite máximo consignado no Orzamento Xeral deste Concello para devandita finalidade, con cargo á partida 60.452.226.091 no suposto de actividades das Escolas Deportivas Municipais e con cargo á partida 60.452.226.092 no suposto do resto das actividades deportivas previstas.

No caso de que a consignación orzamentaria resulte insuficiente, sen que exista financiamento adicional, en forma de subvencións ou achegas doutras Entidades públicas ou privadas,

previstas para o presente exercicio, autorízase a iniciación de expediente de modificación orzamentaria con cargo ao crédito destinado a subvencións para o fomento do deporte no Orzamento Xeral vixente ao final do exercicio.

CUARTO.- Comunicar o contido desta resolución aos servizos económicos municipais, para o seu control e fiscalización, e ao Servizo Municipal de Deportes, para o seu adecuado coñecemento, cumprimento e efectos.